

RIBADEO

PROGRAMA MUNICIPAL

ECONOMIA

- Implantación dos principios de boa xestión (ou sexa: economía, eficacia e eficiencia) para optimizar os recursos do Concello e lograr servizos públicos de calidade.
- Implantación dos principios e códigos éticos de bon goberno. Transparencia, información na web do Concello das retribucións e patrimonio dos concelleiros, responsabilidades e incompatibilidades.
- Plan de saneamento das contas do Concello. Entre as medidas incluírase o pago das débedas pendentes aos provedores, a implantación dun código de boas prácticas comerciais, instauración do pago das obrigas aos provedores no prazo establecido legalmente e elaboración dun plan de viabilidade que permita facer fronte ás numerosas débedas que acumula o Concello.
- Actualización do patrimonio municipal e aplicación de políticas que permitan rentabilizalo.
- Reorganización e optimización dos recursos intanxibles do Concello, entre eles os humanos.
- Elaboración duns presupostos realistas que recollan a situación económica actual, depurando as consignacións prescritas.

MEDIO RURAL

- Xestións para dotar á zona rural de acceso á banda ancha de internet.
- Atención preferente da brigada de obras e dos servizos de mantemento, para a conservación da rede de estradas e camiños.
- Plan de renovación e reparación de taxeadas
- Campaña de recollida xeral de rodas e neumáticos vellos.
- Instalación de colectores de recollida de aceites da maquinaria agrícola.
- Promoción da concentración parcelaria dos montes.

SERVIZOS SOCIAIS E EDUCATIVOS

- Nova residencia para a terceira idade a ubicar nos terreos das antigas vivendas dos profesores.
- Demanda á Xunta para construír unha nova Escola Infantil (Gardería).
- Incremento do servizo de axuda no fogar.
- Programas de formación para fomentar o uso das enerxías renovables, o aforro e a cultura da auga. E de consumo responsable.
- Programa de viaxes para a terceira idade.
- Impulsar xunto coa comunidade educativa proxectos de participación e educación cívica de menores e mozos, como os plenos infantís

DESENVOLVIMENTO LOCAL

- Xestións para dotar a Ribadeo dun Centro Multiusos.
- Posta en marcha do Polígono Industrial, xestionando a dotación de enerxía eléctrica.

TRAFICO E SEGURIDADE

- Nova ordenación, con asesoramento técnico, do tráfico urbano
- Profesionalización da plantilla da Policia Local
- Construción dun aparcamento nos antigos garaxes da Empresa Ribadeo, de propiedade municipal, cunha previsión aproximada de cen prazas
- Ubicación da Parada de Taxis no seu antigo emprazamento
- Paso peatonal baixo a via de FEVE en Os Garitos e construción dunha pasarela para acceder ás superficies comerciais en condicións seguras.
- Sinalización lumínica dos pasos de peóns máis transitados

URBANISMO E DOTACIÓNS

- Aprobación no menor prazo posible do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- Redacción dun PEPRI para a zona vella.
- Estudo para a posible recuperación da vella dársena de Porcillán.
- Promoción de novas vivendas sociais.
- Aparcamento para camións, vencellado ao PXOM, e provisional a través dun convenio con Portos de Galicia
- Adecantamento de espazos urbanos, entre outros, Praza de Abaixo, A Fontenova, Praciña de Alvarez Miranda, etc.

CULTURA E XUVENTUDE

- Creación do Museu de Ribadeo, a ubicar no edificio da fábrica de algas da Vilavella
- Convenio para a accesibilidade e visitas ao Convento de Santa Clara.
- Nova ordenación dos locais e espazos municipais para atender aos grupos e asociacións do concello.
- Programas alternativos de ocio nocturno para os xóvenes.
- Creación das Escolas de Verán nas parroquias e barrios.
- Rehabilitación e sinalización dos restos da antiga muralla da vila e musealización do castro das Grobas en Vilaselán.
- Posta en funcionamento como tal da Casa da Xuventude, centro para as iniciativas dos mozos.

DEPORTES

- Renovación do terreo de xogo do Estadio Municipal
- Creación dun campo de fútbol de herba artificial.
- Creación dun carril-bici e dun circuito de adestramento ao aire libre, na zona do Faro.
- Construción dun rocódromo.
- Fomento dos deportes náuticos en colaboración cos clubs e de novas prácticas como o cablesky
- Habilitación de lugares públicos para a práctica deportiva ao aire libre: fútbol sala, baloncesto, tenis, etc.
- Mediante convenio, pista canadiense en Santa Cruz

COMERCIO E TURISMO

- En convenio coas superficies comerciais incentivación das visitas ao casco urbano da vila
- Creación da concellaría de Comercio e Turismo
- Potenciar e sinalar os recursos patrimoniais do concello. Posta en valor do Forte de San Damián.
- Fomentar o turismo de reunións para desestacionalizar a actividade.
- Fomento do turismo activo e da natureza: sendeiros e rutas de pequeno recorrido, en bicicleta e a cabalo, recorrido por ribeiras fluviais e vales, etc.
- Optimizar o uso das Oficinas de Turismo.
- Potenciación do Convenio de Vilas Mariñeiras da España Verde
- Solicitar un Plan de Excelencia Turística. Impulso e participación do Concello en programas europeos.

PARTICIPACIÓN CIUDADANA

- De forma paulatina, dar entrada aos veciños na selección, priorización e xestión dos obxectivos mediante a implantación progresiva dos presupostos participativos.
- Debates periódicos sobre o estado do Concello.
- Fomento da difusión e comunicación entre todas as sociedades do concello, para aproveitar as sinerxias.

MEDIO AMBIENTE

- Plan de aforro enerxético municipal, coa colaboración da Deputación: implantación da enerxía solar fotovoltaica en edificios públicos.
- Estudo para a creación dunha planta de biomasa.
- Creación da senda peonil do río Grande en Cedofeita.
- Novo plan de recollida de lixo no casco urbano con redución dos contedores. No rural suxección dos mesmos.

- Recuperación e posta en funcionamento de fontes e espazos naturais.
- Limpeza dos cauces dos ríos do concello.
- Continuación do saneamento na zona rural.